



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

BASES REGULADORAS DAS AXUDAS AS FAMILIAS PARA A ESCOLARIZACIÓN DOS SEUS FILLOS/AS, CURSO 2023/2024.

1.- Disposicións Xerais

Estas normas teñen por obxecto establecer os criterios e procedementos de concesión de axudas para a afrontar os gastos orixinados polo comezo do curso escolar, constituíndo unha acción de fomento que busca a correcta escolarización dos nenos/as pertencentes ás familias menos favorecidas, enténdendose por tales as que se definen nestas bases.

A concesión das subvencións previstas nas presentes bases tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tal e como se define na base 20ª das de execución do orzamento.

2.- Obxecto, Finalidade e Financiamento da convocatoria

2.1. A presente convocatoria ten por obxecto a concesión de axudas económicas ás familias para atender os gastos orixinados polo comezo do curso escolar:

1).- Estudantes de 2º ciclo de educación infantil(3, 4 e 5 anos), primaria e secundaria.

2).- Estudantes de FP básica, bacharelato, ciclos formativos.

3).-Estudantes de ensinanzas do sistema universitario español realizados en centros españois, públicos ou privados, con validez no territorio nacional: ensinanzas conducentes a títulos oficiais de Grao/Master.

4).- Estudantes con necesidades educativas especiais ou necesidades específicas de apoio educativo

2.2. Enténdese por tales gastos a compra de:

1) Libros de texto (agás os de primaria e secundaria),

2) Material didáctico complementario e material específico relacionado directamente cos estudos.

3) Vestimenta deportiva e material deportivo explícito para a materia de educación física.

4) Material informático: tablet, ordenador portátil/mesa, impresora, pantalla e material consumible.

2.3. A presente axuda concedida o abeiro destas bases poderán ser concorrentes con subvencións doutras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. O importe total das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, ingresos ou recursos, supere o gasto realizado polo beneficiario.

2.4. Para o financiamento deste programa de axudas existe crédito por importe de 75.000,00 euros na aplicación 320.481.00 do Orzamento Xeral do Concello para 2023.





3.- A contía das axudas será a seguinte:

Trátase de 382 axudas a distribuír na forma seguinte:

- 80 para estudos de educación infantil de calquera ciclo, de 165 euros cada unha.
- 204 para estudos de educación primaria, secundaria obrigatoria e formación profesional básica, por 150 euros cada unha.
- 40 para estudos de bacharelato e ciclos formativos de grao medio e superior, de 225 euros cada unha.
- 20 para alumnos con necesidades educativas especiais, de 350 euros cada unha.
- 38 para estudos universitarios de grao medio ou superior e máster, de 400 euros cada unha.

4.- Beneficiarios

Terán a condición de beneficiarias as familias que cumpran os seguintes requisitos:

Estar empadroados no Concello de A Laracha antes do día 1 de agosto de 2022 un dos pais ou titores legais, así como os fillos/as menores de idade para os que se solicite a axuda. No caso de que o solicitante sexa maior de idade, unicamente será necesario que estea empadroado o solicitante.

4.2. Estar cursando algúns dos estudos subvencionables segundo o apartado 2.1. das presentes bases. Para o caso de que non se estea matriculado nun curso completo será preciso estar matriculado, cando menos, en tres materias.

4.3. Pertencer a unha unidade familiar con ingresos anuais per cápita non superiores a 10.000 euros.

Para o cálculo dos ingresos anuais per cápita dividirase a parte xeral da base imponible previa a aplicación do mínimo persoal e familiar (casilla 435 da declaración de IRPF) de todos os membros da unidade familiar entre o número total de membros da unidade (con independencia de que estean ou non empadroados no Concello). Para as familias monoparentais computarase por 1,5 a persoa proxenitora e para as familias con fillos/as con discapacidade superior ao 33% computarase o alumno/a por 1,5.

O límite máximo de ingresos anuais per cápita, no caso de familias numerosas, incrementarase en 602 euros por fillo a partires do terceiro.

Considerarase a estes efectos, unidade familiar, aos pais ou titores, os fillos menores de 18 anos e os maiores de idade que non teñan máis de 25 anos sempre que estean estudando e non obteñan ingresos.

Non terá condición de membro computable o agresor nos casos de violencia de xénero.

5.- Procedemento de solicitude

5.1. As solicitudes deberán presentarse no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da publicación, por parte da Base de Datos Nacional de Subvencións, do extracto da convocatoria das Bases no Boletín Oficial da Provincia.





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

5.2. Lugar: Rexistro Xeral do Concello de A Laracha.

5.3. Documentación que se deberá acompañar:

1) ANEXO I - As solicitudes presentaranse no modelo oficial establecido a través do Rexistro Xeral, da sede electrónica do Concello da Laracha ou presencialmente. Os impresos poden descargarse da WEB do Concello ou recollerse na Concellería de Cultura, Deportes e Ensino e no rexistro.

2) Copia do DNI/NIF/NIE do alumno/a e do solicitante (pai, nai ou titor), cando sexa menor de idade.

3) Copia do Libro de Familia.

4) Autorización expresa ao Concello da Laracha para a comprobación dos datos do padrón.

5) Copia da matrícula ou documento oficial do centro que xustifique a condición de estudante da persoa para a que se solicita a axuda:

*Os/as alumnos/as que estuden en centros de ensino fóra do concello da Laracha: matrícula curso 2023/2024.

*Os/as universitarios/as presentarán a matrícula dos cursos 2022-2023 e 2023-2024.

6) Copia do libro de cualificacións, boletín de notas ou expt. Académico, curso 2022-2023.

7) Copia da declaración do I.R.P.F. do ano 2022 correspondente a todos os membros da unidade familiar ou autorización expresa ó Concello da Laracha para a obtención dos datos fiscais.

8) Para os membros da unidade familiar que non teñan presentada a declaración do I.R.P.F. do ano 2022, ou se forma parte da mesma algún pensionista, deberá achegar calquera documento xustificativo dos ingresos (fotocopias de nóminas, certificados do Inem, certificado da Seguridade Social dos ingresos percibidos por este concepto). En defecto de todos os medios anteriores, declaración xurada de ingresos.

9) Certificación bancaria da titularidade da conta corrente do alumno/a, de non posuír, deberán presentar a do titor/a. Si esta información é a mesma que a presentada nas convocatorias anteriores non terá obriga de achegala.

10) As solicitudes para alumnos/as con necesidades educativas especiais deberán presentar certificado do grao de discapacidade cunha porcentaxe igual ou superior ó 33%

11) As solicitudes para alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo deberán presentar certificado ou informe específico do equipo de orientación educativa e psicolóxica ou do departamento de orientación no que se detallen as necesidades educativas.

No caso de que fosen apreciados defectos de forma ou documentación incompleta, requirirase a corrección ou rectificación no prazo de dez días, arquivándose o expediente sen máis trámites se esta non se efectuase.





5.4. Documentación complementaria para valorar segundo os casos:

1) No caso de que o alumno/a viva de aluguer durante o ano escolar fora do domicilio familiar poderá presentar copia do contrato de aluguer e recibo de pagamento.

2) Para xustificar a condición familiar deberá achegar, libro de familia numerosa, sentenza de divorcio ou convenio regulador, orfandade, certificado de familia monoparental expedido pola Consellería de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia ...

3) Para xustificar a situación de vítima de violencia de xénero deberá presentar acreditación mediante sentenza condenatoria, orde de protección ou calquera outra resolución xudicial que acorde unha medida cautelar, informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de que a demandante é vítima de violencia de xénero ou acreditación da situación de violencia de xénero mediante informe dos servizos sociais ou do Centro de Información ás Mulleres.

A antedita acreditación documental realizarase mediante a achega de copias simples, sen necesidade de cotexo das mesmas; sen prexuízo de que, ao abeiro do disposto no artigo 28 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (ou aquel outras previsións normativas análogas/concordantes e/ou substitutivas), se poida requirir a posterior presentación de documentación/información orixinal e o cotexo.

6.- Criterio de outorgamento

6.1. A estimación dos méritos dos solicitantes efectuarase seguindo os criterios do seguinte baremo:

1.- Expediente académico: estimarase a nota media do último curso aprobado polo solicitante:

- sobresaliente 9-10..... 2 puntos,
- notable 7-8:1,5 puntos,
- ben 6:1 punto,
- P. A.:1 punto,
- suficiente 5, P/promociona sen dificultade.:.....0,5 punto,

2.- Ingresos anuais per cápita:

- ingresos ata 2.258,55 euros: 4 puntos,
- ingresos ata 3.161,97 euros: 3 puntos,
- ingresos ata 4.065,39 euros: 2 puntos,
- ingresos ata 4.517,10 euros: 1 punto.

A efectos do cálculo dos ingresos tomarase a parte xeral da base imponible do I.R.P.F. previa á aplicación dos mínimos (ventá 435 da declaración), ou ben os ingresos brutos resultantes dos outros medios de acreditación previstos no punto 5.3.f das presentes bases.





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

3) Por cada membro da unidade familiar (entendida esta como o pai, nai, irmán) residentes no domicilio: 1 punto por membro.

Para as familias monoparentais computarase por 1,5 a persoa proxenitora.

Para as familias con fillos/as con discapacidade superior ao 33% computarase o alumno/a por 1,5.

4) Por orfandade dos dous proxenitores, por posuír o título de familia numerosa, por ser familia monoparental e por ser fillo/a de vítima violencia de xénero: 1,5 puntos

5) Residir en vivenda alugada o estudante: 0,5 puntos

6.2. En base aos criterios de outorgamento anteriormente expostos, a Comisión de valoración, establecerá:

1) unha axuda por unidade familiar dacordo cos puntos obtidos por cada alumno/a solicitante, propondo o outorgamento a de máis puntuación dentro de cada unha das categorías ata o límite de axudas dispoñibles.

A prioridade na selección dos solicitantes no caso de empate virá determinada por esta orde:

-No caso de ser irmáns os alumnos/as solicitantes, concederase a de maior importe.

-No caso de alumnos/as solicitantes, a prioridade virá determinada a prol da menor capacidade económica, a prol das mellores cualificacións académicas, e a prol do número de membros da unidade familiar.

2) unha vez outorgadas as subvencións segundo a base 6.2.1 e de seguir existindo crédito dispoñible, este outorgarase en axudas as familias que reúnen os requisitos de puntuación e que quedaron excluídas noutras categorías.

3) unha vez outorgadas segundo a base 6.2.2 e de seguir existindo crédito dispoñible, este outorgarase propondo unha segunda axuda as familias numerosas que cumpran o criterio de valoración 6.2.1. ata rematar o crédito dispoñible.

7.- Propostas de subvencións

A Comisión de valoración de subvencións procederá á proposta de concesión de subvencións segundo os criterios previstos nas presentes bases. A proposta deberá conter a relación de solicitantes para os que se propón a subvención, a súa contía e os criterios de valoración que dean lugar á proposta.

A Comisión de valoración de subvencións terá a seguinte composición:

Carla Iglesias Recarey, Técnica da Administración Xeral

Andrea Rodríguez Lorenzo, Animadora Cultural

Belén Cabeza Bello, Auxiliar da Oficina de Información Xuvenil

Actuará como Secretaria a Auxiliar da Oficina de Información Xuvenil do Concello da Laracha





A Comisión de valoración poderá solicitar a axuda que estime oportuna dos servizos municipais para a valoración das peticións de axuda a escolarización.

8.- Concesión de subvencións

Posteriormente á proposta efectuada pola Comisión de valoración, a proposta pasará á Intervención Municipal para que realice a súa fiscalización.

A partir da proposta da Comisión de valoración informada pola Intervención, a Xunta de Goberno Local concederá as subvencións mediante acordo no que se especificará a relación de solicitantes aos que se conceden as subvencións e a desestimación das restantes solicitudes.

O prazo máximo para resolver será de dous meses contados a partir da finalización do prazo de solicitude das subvencións.

A Comisión de valoración publicará na páxina web municipal e no taboleiro de edictos, o mesmo día en que se acorde, a relación de puntuacións das axudas outorgadas para a posterior xustificación

9.- Xustificación e pagamento

O pagamento das axudas efectuarase aos beneficiarios no número de conta que se presentou no momento da solicitude unha vez resolta a concesión das mesmas. A concesión da subvención supón a obriga de xustificación cos seguintes documentos:

- a) impreso de xustificación facilitado pola administración.
- b) facturas con data entre o 1 de xuño e o 30 de novembro de 2023 por importe igual ou superior o concedido, con todos os requisitos regulamentarios onde reflicte en que consiste o material adquirido: libros, material didáctico, vestimenta deportiva, material informático,...
- c) declaración xurada das axudas percibidas polo mesmo concepto e finalidade doutros Organismos e/ou Administracións Públicas. De ter percibidas varias axudas para os mesmos conceptos deberán xustificar con facturas o total das axudas recibidas.

O prazo para xustificar rematará o 30 de novembro de 2023.

O incumprimento da obriga de xustificación da subvención o a xustificación insuficiente da mesma, levará consigo o reintegro nas condicións previstas no artigo 37 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Disposición adicional

Para o non previsto nestas bases será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como as Bases de Execución do Orzamento Xeral do Concello de A Laracha para o ano 2023.

